

ARTE DO S.XIX. O IMPRESIONISMO

OBRA: IMPRESIÓN. SOL NACENTE

AUTOR: **Claude MONET**


CRONOLOXÍA: 1872

ESTILO: Impresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 48 cm x 63 cm

LOCALIZACIÓN: Museo Marmottan-Monet (París)



COMENTARIO

No último terzo do S.XIX un grupo de pintores novos realizan unha pintura allea aos salóns oficiais e inspirada no contacto directo coa natureza, e realizan exposicións que mostraban unha maneira nova de entender a Arte. Pasarán á Historia da Arte como un dos movementos máis innovadores: o Impresionismo.

Coñécense polo nome de Impresionistas a un grupo de pintores que realizan unha exposición colectiva independente en 1874 no estudo do fotógrafo Nadar: Monet, Sisley, Renoir, Degas, Pissarro, Berthe Morisot. A crítica outórgalles o nome, considerando que é un atrevemento expoñer uns cadros inacabados que desafían as normas académicas. Os impresionistas deixaron os obradoiros para pintar ao aire libre en busca da captación atmosférica do momento a través da luz e da cor. Aplicaban a cor en pequenas manchas soltas e brillantes; ademais, non mesturaban as cores na paleta, senón que a súa fusión producíase na retina do espectador ao ollar de lonxe a composición. Os seus temas son a paisaxe, retratos, figuras ou bodegóns, pero como algo accesorio, xa que o seu interese estaba na luz e como reflicte sobre os obxectos captados do natural, segundo a intensidade lumínica que aqueles reciben. O Impresionismo desenvolveuse fundamentalmente en Francia, pero estes artistas terían enorme repercusión na arte europea e americana.

Claude Monet, nado en París en 1840, coñeceu na súa xuventude a pintura ao aire libre, inusual entón e, xunto a Renoir, facía excursións para pintar do natural, dedicándose á paisaxe. Foi un impresionista puro ata a súa morte en 1926, xa que coa luz creaba a cor e a forma. A súa temática céntrase en temas mariños, escenas fluviais e paisaxes, nos que reflicte as variacións cromáticas creadas pola luz natural ao longo do día. Así pintou series dun mesmo lugar ou motivo en distintos momentos do día, como *A estación de Saint Lazare*, *A catedral de Rouen*, *Os nenúfares*, *Vista do Támesis* ou *San Marcos de Venecia*.

Esta pequena pintura converteuse nunha das obras máis coñecidas de Monet. Realizada en 1872, representa o porto de Le Havre no momento de espertar a luz.

A obra expúxose na primeira mostra do grupo en 1874. O título da pintura, *Impresión*, que lle pareceu confuso de máis á crítica, converteuse nun elemento despectivo para distinguir o seu estilo e, a continuación, nun termo no que se recoñeceron os propios pintores do grupo. As palabras de Louis Leroy foron: "*Impresión? Xa o dicía eu. Xa que estou tan impresionado debe de haber impresión. E... que liberdade e mestría na técnica! O papel da parede en estado embrionario está mellor pintado que esta pintura.*"

Claude Monet é non só o líder do movemento impresionista, senón o definidor verdadeiro do Impresionismo e o único deles que sempre foi verdadeiramente fiel aos seus principios. É un impresionista puro que establece o seu taller nunha barca no Sena desde a que pinta. Esta gran obra de Monet marca o

comezo do chamado Impresionismo.

Os cambios de luz na atmosfera e o seu efecto no aspecto dunha paisaxe ou dun edificio segundo as horas do día e segundo en que estación do ano se produzan serán motivo de estudo para Monet. A variedade e riqueza dos matices da luz caendo sobre os obxectos en distintos momentos son para el unha fonte inesgotable de sensacións ópticas que plasma nos seus cadros cunha técnica non só necesariamente rápida, senón chea de pinceladas infinitas que buscan recoller os matices da luz e dos seus reflexos. Grazas á súa intensidade, a luz aínda baixa envólveo todo, agás a barca en primeiro plano, que é o elemento que crea perspectiva. Coexisten equilibrio e dinamismo.

Monet adoitaba definir como bosqueños os esbozos que precedían normalmente ás obras rematadas; non obstante, mantiña que era máis apropiado falar de “impresión”, xa que é unha tea máis estruturada, aínda que se limita á definición dun breve instante visual, e realizada nunha única sesión de traballo. As máquinas do porto están situadas á altura da sección áurea e realizáronse con azuis e verdes mesturados. Pódese ver a imprimación baixo o sutil estrato de cor.

O laranxa goberna practicamente toda a tea. Vólvese máis intenso polo engadido do amarelo e o vermellón alí onde representa a esfera do sol: ese é o punto no que o pigmento é máis mesto, enriquecido con azul cobalto mesturado con branco. Na súa viaxe a Londres, Monet quedara moi impresionado coa pintura de Turner e de Whistler. Os efectos da luz protagonizan o cadro, como era propio dos pintores impresionistas. O sol, a mancha vermella que destaca ao fondo, sae entre a néboa e tiñe de efectos alaranxados o mar e o ceo. Monet pintou o sol case coa mesma luminancia do ceo, unha condición que suxire sensación de humidade e atenuación atmosférica da luz. A vaporización será o elemento fundamental que invade a superficie, destacando esa humidade que invade a obra e que atenúa as tonalidades, é dicir, a cor condiciónase a esta atmosfera húmida. Esa atmosfera vaporosa difumina as formas, e os guindastres do porto e as barcas case desaparecen. A pintura trata o valor de contraste simultáneo das cores, situando tons cálidos sobre outros opostos que permiten resaltar, na retina do espectador, uns tons sobre outros. Este detalle descansa sobre o uso de cores complementarias e a variedade de temperaturas de cor, en lugar de cambios de intensidade ou valores contrastantes, para diferenciar o sol do ceo circundante.

A pesares de que a cor é suave, os volumes son lexibles nas pinceladas. O pintor prescinde do debuxo nos botes e nas persoas que navegan e quedan reducidos a simples manchas. As cores aplícanse con pinceladas grosas e rápidas, que se aprecian coa primeira ollada. As pinceladas son libres, rápidas e directas, reducindo os elementos do cadro a unha simplificación aparente, tal e como se contempla nos reflexos da auga.